



ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONSELLO SOCIAL
29.06.2017

LUGAR: Escola Naval Militar de Marín

DATA: 29.06.2017

HORA DE COMEZO: 12:35

HORA DE REMATE: 14:40

LISTA DE ASISTENTES

D. Ernesto Pedrosa Silva
D. Salustiano Mato de la Iglesia
D^a. Gloria M^a Pena Uris
D. Manuel Fernández Jauregui
D. José Manuel García Vázquez
D. Carlos Mollinedo Lois
D. Ernesto Vázquez-Rey Farto
D^a. Mercedes Castro Mouzo
D. Jesús Graña Nogueiras
D^a. María Elvira Larriba Leira
D^a. Natalia Zunzunegui Garrido
D. Daniel Barata Quintas
D. Cesar Blanco Gómez
D. José Manuel Figueroa Vila
D^a Marta Iglesias Bueno
D. Francisco Gustavo Izquierdo Martínez
D^a. Ana Isabel Vázquez Reboredo
D. Emilio Fernández Zunzunegui
D. Manuel González Piñeiro
D. Jorge Cebreiros Arce
D. Javier Garrido Valenzuela
D. Xulio Calviño Rodríguez
D^a. M^a do Carmen Fouces Díaz
D^a. Yolanda López Fernández
D. Antonio Macho Senra

ESCUSAN ASISTENCIA

D. Xosé Manuel Atanes Limia
D. Francisco Javier Casares Mouriño
D. José Manuel Pérez Canal
D. Juan Manuel Piñeiro Rivas
D^a. María Elena Añel Cabanelas

NON ASISTEN

D. José María Franco García

SECRETARIO

D. Ignacio Rodríguez Iglesias



O xoves, día 29 de xuño de 2017, ás 12:35 horas, celebrouse sesión ordinaria do Pleno do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da Orde do día:

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (12.06.2017).
2. Informe do presidente.
3. Informe do Reitor.

Propostas ao Pleno informadas favorablemente pola Comisión Económica (22 de xuño de 2017).

4. Aprobación, se procede, das contas de liquidación do orzamento da UVigo correspondentes ao exercicio 2016. Informe de auditoría e memorando de recomendacións.
5. Aprobación, se procede, das contas anuais de 2016, e informe de auditoría de Cidade Universitaria, S.A. (CUSA).
6. Aprobación, se procede, das contas anuais de 2016, e informe de auditoría de Cidade Tecnolóxica de Vigo (CITEXVI).
7. Aprobación, se procede, das contas anuais de 2016, e informe de auditoría da Fundación Universidade de Vigo (FUVI).
8. Supervisión e autorización, se procede, de solicitudes de incorporación con cargo ao remanente de libre disposición do exercicio 2016.
9. Supervisión e autorización, se procede, da afectación do remanente de libre disposición correspondente ao expediente do edificio institucional e de I+D da UVigo no Casco Vello de Vigo.
10. Aprobación, se procede, da contratación dun informe de auditoría externa e memorando de recomendacións das contas da UVigo (exercicio 2017 e seguintes), consonte o disposto na Lei 6/2013, do 13 de xuño, do SUG (artigo 75.3).
11. Aprobación, se procede, da concesión administrativa por dez anos á UVigo, e para o seu uso privativo, do edificio sito na rúa Conde de Torrecedeira, nº 105 (propiedade nº 189 do IMBP).
12. Aprobación, se procede, do Regulamento para a xestión do Patrimonio da UVigo, consonte artigo 75.3.k da Lei 6/2013 do SUG. (Consello de goberno 19 de xuño de 2017).
13. Informe que proceda sobre a Normativa de cesión de espazos universitarios. (Consello de goberno de 19 de xuño de 2017).
14. Informe sobre o Decreto que fixa os prezos dos estudos no curso 2017/2018 para a obtención de títulos oficiais no Sistema universitario de Galicia.
15. Aprobación, se procede, da distribución das 52 bolsas-colaboración asignadas polo Ministerio de Educación á UVigo para o curso 2017/2018.
16. Informe de don Jesús Graña sobre as responsabilidades nas que poden incurrir os membros do Consello Social durante o exercicio das súas funcións.
17. Rogos e preguntas.

Previo ao comezo da sesión, o comandante-director da Escola naval militar, don José María Núñez Torrente, acompañado doutros mandos e do comisionado da UVigo, don José María Pousada, da a benvinda aos membros do Consello Social, aos que se lles proxecta un vídeo no que se amosan aspectos das actividades e da formación que se imparte na Escola.

O presidente, don Ernesto Pedrosa, agradece a acollida e manifesta que a Escola naval "é un bo exemplo da diversidade, o espírito integrador e a responsabilidade aberta ca que actúa a UVigo". Engade que "é un honor pero tamén unha obriga estar aquí, porque a presenza da universidade xera espazos sensibiles de progreso e convivencia; de tolerancia e de saber". Remata expoñendo a calidade formativa da titulación universitaria que se imparte no centro, e declara que "como Consello Social acudiremos sempre onde poidamos ser útiles á universidade e á sociedade; sen reservas nin prexuízos, para ampliar nas percepcións sociais a xeografía mental da nosa UVigo".



PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (12.06.2017).

- **Apróbase por asentimento.**

PUNTO 2

Informe do presidente.

Don Ernesto Pedrosa declara que os asuntos económicos recollidos na Orde do día identifican unha universidade "dinámica, decidida e que usa de xeito eficiente os recursos públicos". Refire, así mesmo, que os datos amosan "estabilidade, co mérito engadido de que ven sendo así ano tras ano". Tras aludir á conxelación dos prezos das taxas universitaria en Galicia por quinto ano consecutivo, e agradecer a don Jesús Graña o informe que presentará o Pleno, o presidente dá a benvida a don Francisco Gustavo Izquierdo, e escusa a ausencia de don José Manuel Pérez e don Juan Manuel Piñeiro, así como a de don Xosé Manuel Atanes, quen, "como representante designado polo Parlamento de Galicia, a proposta do BNG", expresamente pide por escrito que conste en acta a súa decisión de non asistir por parecerlle "desafortunada" a escolla da Escola naval militar de Marín para celebrar o Pleno, pese a ser un centro adscrito á UVigo, "toda vez que se corresponde cunha institución militar cuxos valores e fins últimos non comparto, nin podo compartir, na miña condición de antimilitarista e nacionalista galego".

PUNTO 3

Informe do Reitor.

Don Salustiano Mato principia facendo unha declaración de apoio ás familias das vítimas do mortífero incendio na zona portuguesa de Pedrogao Grande, para enfiar de seguido cun repaso á actividade da CRUSOE para fraguar un espazo de educación superior en territorios transfronteirizos e na península ibérica no seu conxunto. Sobre o último Consello galego de Universidades subliña o camiño aberto para que as probas de acceso á universidade en 2019 se celebren en xullo e así poidan todos os alumnos empezar o curso en setembro.

Na súa intervención refire tamén aspectos, vantaxes e obxectivos da adaptación e optimización da estrutura de goberno da universidade; as competencias concedidas aos vicerreitores de Ourense e Pontevedra para a especialización dos respectivos Campus; a posta en Marcha do Observatorio da Igualdade; e a nova campaña de captación de estudantes, baixo o lema "Na UVigo todo encaixa".

*Propostas ao Pleno, informadas favorablemente pola Comisión Económica (reunión 22.06.2017).
Puntos 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10, 11, 12 e 13.*

PUNTOS 4, 5, 6 e 7

4. Aprobación, se procede, das contas de liquidación do orzamento da UVigo correspondentes ao exercicio 2016. Informe de auditoría e memorando de recomendacións.

5. Aprobación, se procede, das contas anuais de 2016, e informe de auditoría de Cidade Universitaria, S.A. (CUSA).

6. Aprobación, se procede, das contas anuais de 2016, e informe de auditoría de Cidade Tecnolóxica de Vigo (CITEXVI).

7. Aprobación, se procede, das contas anuais de 2016, e informe de auditoría da Fundación Universidade de Vigo (FUVI).

Toma a palabra don Daniel Barata, presidente da Comisión Económica, para reflexionar sobre o contido económico da Orde do Día e as competencias do Consello Social neste eido. Advirte sobre o Memorando de recomendacións, o informe adicional da auditoría que se entrega nesta sesión. Cede a quenda ao vicerreitor de Economía e Planificación, que destaca que se pecha o exercicio con resultado orzamentario positivo e unha cifra próxima a un resultado económico óptimo que garante a estabilidade. Por outra parte sinala a importancia de ter unha liquidez suficiente para evitar tensións de Tesourería e afrontar con capacidade o desaxuste entre os dereitos recoñecidos e pendentes de cobro (que ascendían a 31 de decembro de 2016 a 17.743.095 €) e as obrigas pendentes de pago (apenas 10 mil euros). Igualmente subliña a capacidade para facer o pago a provedores nuns prazos



moi razoables e moi por debaixo do límite legal establecido, "que aínda poderíamos mellorar se non fose por atrancos administrativos, que non económicos". Finalmente explica que as contas das sociedades están dentro dun abano normal e en situación de equilibrio.

Intervén de seguido don Manuel F. Jáuregui para explicar o resumo executivo elaborado pola Xerencia, no que se recolle o máis salientable da execución do orzamento, da situación económica-patrimonial do exercicio, da situación de tesourería e da contratación administrativa, así como dunha relación de indicadores que reflicten a través de ratios a solvencia e a situación orzamentaria, financeira e patrimonial da UVigo. Pon un especial acento en que son xa varios anos nesta situación, o que engade valor por se tratar dunha liña sostida. Sobre as contas das sociedades e as correspondentes auditorías o xerente resume que as tres entidades participadas presentan informe de auditoría limpos, manteñen a súa actividade.

Don Manuel González pregunta que pensa facer a universidade respecto ás debilidades detectadas no Control interno, e para evitar que o persoal eventual encadee contratos sucesivos para un mesmo fin, como reflicten as recomendacións contidas no Informe adicional ao da auditoría de contas, e que a seu xuízo poderían comportar certa "precarización".

Resposta o xerente lembrando que este informe marca os puntos febles, o que serviu para que moitas das observacións foran salientadas ao longo dos últimos anos. Respecto ao Control interno manifesta que existe o reto de elaborar un Plan para planificar o traballo, ademais de facelo correctamente. En canto aos contratos afirma que a UVigo fixo un gran esforzo para reter talento, se ben a actividade investigadora ten certas peculiaridades que requiren encadear contratos para desenvolver os proxectos.

Don José Manuel García engade que a recomendación sobre Control interno, non é nova, e que debe quedar claro que non cuestiona o sistema nin o funcionamento –"que é exhaustivo"– senón que aconsella que se formule un Plan anual. Na mesma tese incide don Salustiano Mato, que define o funcionamento do Control interno como "modélico", e relaciona a cuestión de Persoal coa casuística da investigación e coa necesidade de avanzar polos camiños dispoñibles, porque a alternativa sería "estar parados". Declara a firme e permanente vontade de facer o mellor uso posible dos recursos públicos, e salienta que a elaboración do informe amosa a disposición "que temos a someternos á mellora continua, e a non conformarnos con cubrir o expediente".

- **-O Pleno aproba as contas da UVigo e das sociedades CUSA, CITEXVI e FUVI.**

PUNTO 8

Supervisión e autorización, se procede, de solicitudes de incorporación con cargo ao remanente de libre disposición do exercicio 2016.

Explica don Manuel F. Jáuregui o procedemento e a operativa, así como os obxectivos, as obrigas e os criterios que se aplican, consonte as diferentes casuísticas que se producen. Sinala que as propostas están referidas fundamentalmente a xeracións de crédito asociadas aos procedementos de peche do exercicio, con especial atención á adecuación das partidas do programa de axudas á xestión de grupos de investigación (adiantos de financiamento).

- **-O Pleno da a súa conformidade e autorización.**

PUNTO 9

Supervisión e autorización, se procede, da afectación do remanente de libre disposición correspondente ao expediente do edificio institucional e de I+D da UVigo no Casco Vello de Vigo.

Informa o vicerreitor de Economía e Planificación que se trata de dar respaldo, a maior brevidade, ao procedemento de licitación da obra, con remanente que non se afectará definitivamente senón que será unha solución temporal mentres se adecúa o convenio firmado coa Xunta no que asume o custe da obra, pero que quedou superado nos prazos polos retrasos nas licencias, sobre todo de Patrimonio, polo que precisa unha adaptación e actualización á nova realidade construtiva, que se ven retrasando dende hai nove meses. "É unha solución ponte, porque non podemos esperar máis, e cando o convenio se actualice traeremos aquí a desafectación deste remanente", conclúe don José Manuel García.

- **-O Pleno da a súa autorización e conformidade.**



PUNTO 10

Aprobación, se procede, da contratación dun informe de auditoría externa e memorando de recomendacións das contas da UVigo (exercicio 2017 e seguintes), consonte o disposto na Lei 6/2013, do 13 de xuño, do SUG (artigo 75.3).

Da conta don Ernesto Pedrosa da finalización das prórrogas concedidas a ATD auditores, e a necesidade de iniciar un novo expediente de contratación.

- **-O Pleno da a súa aprobación.**

PUNTO 11

Aprobación, se procede, da concesión administrativa por dez anos á UVigo, e para o seu uso privativo, do edificio sito na rúa Conde de Torrecedeira, nº 105 (propiedade nº 189 do IMBP).

Da conta don José Manuel García dos aspectos máis salientables do acordo, aclarando que se trata do edificio que acolle a Escola de Empresariais. Ao igual que xa ocorrera na Comisión Económica, os asistentes concordan na apreciación de considerar "algo corto" o prazo de dez anos establecido para a concesión.

- **-O Pleno da a súa aprobación.**

PUNTO 12

Aprobación, se procede, do Regulamento para a xestión do Patrimonio da UVigo, consonte artigo 75.3.k da Lei 6/2013 do SUG. (Consello de goberno 19 de xuño de 2017).

Presentado o documento, intervén don Daniel Barata para dar conta do acordo na Comisión Económica mediante o que se propón que no artigo 25 do Regulamento se contemple que "as doazóns menores e correntes deberán ser, en todo caso, comunicadas ao Consello Social aos efectos oportunos". Pide que se aprobe o Regulamento con esta observación.

- **-O Pleno da a súa aprobación.**

PUNTO 13

Informe que proceda sobre a Normativa de cesión de espazos universitarios. (Consello de goberno de 19 de xuño de 2017).

Explica a secretaria xeral, dona Gloria Pena, que se trata de normas sinxelas, que dan resposta a unha demanda real, para regular o acceso e a disposición de espazos universitarios. Don Ernesto Vázquez-Rey interésase por como afectarán concretamente á actividade vencellada e ao uso das instalacións da Casa das Campás, de Pontevedra.

- **-O Pleno da a súa aprobación.**

PUNTO 14

Informe sobre o Decreto que fixa os prezos dos estudos no curso 2017/2018 para a obtención de títulos oficiais no Sistema universitario de Galicia.

Don Salustiano Mato celebra que se manteña a conxelación dos prezos das matrículas, e fai algunhas reflexións sobre o contido e as opinións vertidas sobre o Decreto durante a reunión do Consello galego de universidades, no que se rexistrou unha intervención (da universidade compostelá) a favor de aumentar os custes, o que entende que representaría un indesexable gasto para as familias e un simple aforro para a Facenda da comunidade.

- **-O Pleno informa favorablemente o Decreto.**

PUNTO 15

Aprobación, se procede, da distribución das 52 bolsas-colaboración asignadas polo Ministerio de Educación á UVigo para o curso 2017/2018.



Por indicación do presidente toma a palabra o secretario para razoar e aclarar os criterios aplicados e o procedemento seguido para a distribución das bolsas. Así mesmo, don Ignacio Rodríguez detalla a evolución histórica do número de departamentos e candidatos que solicitan bolsa, así como a proporción entre bolsas solicitadas e concedidas por Campus e o reparto porcentual por ámbitos de coñecemento.

- **-O Pleno da a súa aprobación.**

PUNTO 16

Informe de don Jesús Graña sobre as responsabilidades nas que poden incorrer os membros do Consello Social durante o exercicio das súas funcións.

Don Jesús Graña desenvolve o seu informe sobre a responsabilidade que se adquire como membro do Consello Social, consonte as diferentes competencias asinadas. Subliña que o Consello Social non ten responsabilidade xurídica directa como órgano, pero si a teñen os membros de xeito individual. Estas responsabilidades derivan principalmente dos acordos e accións que se adopten, podendo ser de tipo penal, patrimonial ou económico-contable, sendo esta última a máis abundante. Pormenoriza sobre casos normativos e casuísticas varias. Na última parte da súa documentada exposición contempla posibles atenuantes e salienta o coñecemento, a honorabilidade e a ética como valores obrigados de conducta.

O presidente agradece a don Jesús Graña a claridade e rigor do traballo presentado, e matiza a súa intención preventiva, xa que lembra que non existe ningún caso en que un membro se vira incurso nun caso de responsabilidade esixida durante toda a vida do Consello Social.

- **-O Pleno dáse por informado.**

PUNTO 17

Rogos e preguntas.

Don Ernesto Pedrosa enumera a relación de membros ausentes da sesión, e afirma que os motivos serán recollidos en acta. Seguidamente ten unha agarimosa lembranza para don Alfonso Zulueta de Haz, primeiro presidente do Consello Social da UVigo, amosando as condolencias polo seu pasamento.

Dona Natalia Zunzunegui fai unha consulta sobre a frecuencia con que se rexistran as variacións no inventario do patrimonio da Uvigo. Dona Carmen Fouces manifesta a súa satisfacción pola creación do Observatorio da Igualdade na UVigo, e da a coñecer as iniciativas que está a facer o Concello de Pontevedra neste eido para que se difundan entre os estudantes universitarios a posibilidade de participar en traballos con perspectiva de xénero.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 14:40 horas do 29 de xuño de 2017, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e pr.,
O presidente do Consello Social,

O secretario,

Ernesto Pedrosa Silva

Ignacio Rodríguez Iglesias